BOLETIN

DE LA

REAL ACADEMIA GALLEGA

Año XX | *Coruña, 1.º de Julio de 1925* | Núm. 173

OS OUJETOS ARGÁRICOS DO MUSEU D' OURENSE

ALGUNHAS CONSIDERACIÓS EN COL DA PIRMEIRA IDADE DOS METÁS NA GALICIA

O *Boletín de la Comisión de Monumentos* d' Ourense, pubricou no ano de 1911 (1) unha reprodución fotográfica do material arqueológico que motiva ist' artigo, acompañada d' unha pequena nota, onde s' espricaban as condiciós do achádego e describíanse á ligeira os oujetos recollidos. Anos mais tarde, o sabio profesor Obermaier adicoulles nas suas *Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia* (2), unha curta referencia, colocándoos cronológicamente no alborexar da Idade do Bronce, e distinguindo un fermoso eixemprar d' alabarda, qu' o autor da nota pirmeiramente pubricada, tomara trabucadamente por unha folla de puñal.

Coidamos nós d' intrés voltar oxe en col d' istes oujetos, que compretan de geito notabre o utillage galego dos pirmeiros tempos dos metás, co fin d' establecel-os seus paralelos con eixemprás análogos atopados na Peninsua e no W. da Francia, e pra relacionalos con algunhas pezas d' ourivesaria prehistórica galego-miñota; cousas todas elas que, coma logo imos ver, engaden datos novos prá resolución do probrema das relaciós da nosa terra cos circos culturás d' Armórica e das Illas Británicas, probrema que tanto e tan justamente ten preocupado ós nosos historiadores e arqueólogos.

---

(1) Vol. v, n. 78, pág. 32.

(2) Separata do «Boletín de la Comisión de Monumentos» d' Ourense, vol. VII, números 148 e 149, 1920, pág. 25.

O achádego.

Apareceron os oujetos que nos ocupan, na bisbarra limiá, no sitio chamado Roufeiro, freguesía de Nocelo da Pena, concello de Sarreaus. Estaban metidos dentro d' unha vasixa partida, feita de barro ordinario que puxo ô descoberto unha trepa d' auga. Foron recollidos por unha pastora que disgraciadamente deixou perdel-a vasixa qu' os contiña.

Trátase, coma se vé, d' un depósito *(cachette,* dos arqueólogos franceses), tipo corrente prô achádego d' oujetos da Idade do Bronce en tod' o Oucidente da Europa, e cuio origen atribúiese a difrentes causas: escondrixos de comerciantes e fundidores, acochos d' haber en tempos de guerra e tamén a ofrendas de carauter religioso.

Na Galicia, istes depósitos, sobor de todo de machados de talón do Bronce III, téñense descoberto ben veces, sendo dinos de mención o d' Ortigueira, con mais de vinte machados (1), o de Cambados con sesenta (2), e o de San Joan da Lagoa con cento vinte (3).

Inventario.

Constaba o depósito do Roufeiro de trece pezas que se crasifican do geito seguinte:

Dous machados pranos de 12 e 10 centímetros de longo respeutivamente, os dous có gume curvo e tendendo, o pirmeiro mais qu' o segundo, â forma trapezoidal. (Figura 1, números 1 e 2).

Un punzón cónico, moi alongado, fornecido d' espigo pra espetar n-unha mangueira e longo de 15 centímetros. (Figura 1, número 3).

Unha folla d' alabarda, ben carauterizada pol-a crista central de reforzo, e sobor de todo, pol-o ensanchamento da base. (Figura 1, número 4).

Seis follas de puñal, de longitudes variabres, entre 8 e 18 centímetros, que presentan na base duas furas, por onde pasaban os pregos qu' á amarraban â mangueira. Trés d' elas teñen crista central de reforzo, que se parte na base en duas ramas ô geito d' un V, e as outras teñen rebaixes paralelos ôs fíos da folla. (Figura 1, número 5 a 10). D' istas follas de puñal é moi posibre qu' algunhas, especialmente as reforzadas con crista, foran empregadas com' alabardas, ja qu' asegún o parecer d' Hubert

(1) Villaamil y Castro, *Productos de la Metalurgia Gallega en tiempos remotos,* «Boletín de la Comisión de Monumentos» d' Ourense, vol. III, n. 54, 1907, pág. 102.

(2) M. Murguía, *Historia de Galicia,* vol. I, 2.ª edic., pág. 560.

(3) Obermaier, Op. cit. pág. 28.

Schmidt (1), non sempre presentan istas derradeiras armas os carauterísticos ensanchamentos da base.

Unha folla de puñal, de 20 centímetros de longo, con rebaixes late-



Figura 12

rás e un espigo prano pra' espetar na mangueira. (Figura 1, número 11).

Unha folla de puñal con crista central e rebaixe n' unha das veiras,

(1) *El origen español de la alabarda.* Memoria n. 8 de la C. de I. Paleontológicas y Prehistóricas. Madrid, 1915.

cuio sistema de mangage non se pode determiñar por alcontrarse faltosa do remate da base. (Figura 1, número 12).

Unha ponta de saieta con espigo e duas aletas. (Figura 1, número 13).

Todos istos oujetos son de cobre, asegún análisis prauticados por D. José Fernández Martínez, sabio direitor do Laboratorio Municipal d' Ourense.

Paralelismo e relaciós culturás.

O conjunto do achádego do Roufeiro ten o seu paralelo mais compreto no material de cobre e bronce recollido nos poboados e necrópolis d' Almería, pertenecentes ôs comenzos da Idade dos Metás *(Kupfer-Bronzezeit*, dos arqueólogos germanos), ond' os machados pranos, as alabardas e os puñás carauterizan, juntamente coa cerámica de copas e cuncas, a civilización chamada do Argar que s' esteu por tod' a Andalucía oriental e rubíu por Murcia o Alicante car' o N. deica chegar a Cataluña. A môr parte dos tipos d' ista cultura argárica, non soilo s' infiltraron por tod' a Peninsua, senon que tamén invadiron o W. e Centro da Europa, sendo pol-o tanto doado atopar paralelos ôs oujetos do Roufeiro, esparexidos con densidade variabre na estesa área geográfica mencionada.

Mais ista civilización argárica ten, asegún Bosch (1), un foco importante en Portugal ô que perteñecen as estaciós e sepulturas soltas de Porto de Moz, Castro Marim, Odemira, Carbalhal, Agua Branca, etc., nas qu' os machados pranos e os puñás, ás veces con espigo rudimentario e con escotaduras, atopáronse d' abondo.

A iste foco portugués, evolucionado seguramente *in situ*, ja qu' os prototipos en pedra de puñás e d' alabardas apareceron en Monte Abrahão e Folha das Barradas (2), debemos considerar avencellada a cultura galega dos pirmeiros tempos do bronce, representada por mámoas (Pontes de García Rodríguez), por cistas do tipo da d' Agua Branca (Necrópoli de Mourente) e cicais tamen por cámaras dolménicas de perduración serodia, e por unha regular cantidade d' achadegos soltos.

Certas mámoas das Pontes de García Rodríguez, que non acochaban ô parecer ningunha crás de cámara i-estaban formadas de terra misturada en ocasiós con cantos rolados (3), renderon o seu esprorador D. Santiago de la Iglesia, que disgraciadamente esqueceu case sempre o importantísi-

(1) *La Arqueología Prerromana Hispánica*, apéndice á *Hispania*, de Schulten, Barcelona 1920, pág. 167.

(2) Carlos Ribeiro, *Estudes prehistoriques en Portugal*, figs. 28, 29, 85 e 86.

(3) Santiago de la Iglesia. *Prehistoria Gallega, Notas para un catálogo*, «Almanaque Ferrolano», 1907.

mo dato d' enumerar por sepulturas o material recollido, trés eixemprás de vaso campaniforme (1) dos coales un pol-o menos, foi recostruido, e varias pontas de saieta, algunhas en anacos, sendo o mobiliario funerario mais compreto o formado por un puñal de cobre partido perto do cabo, longo de 14 centímetros e c' un comenzo d' espigo, peza qu' o Sr. de la Iglesia califica de lanza (2), por catro pontas de saieta de geito de folla de loureiro tamén de cobre, e por unha diadema d' ouro de 345 milímetros de longura (3) qu' apareceron baixo d' unha pequena mámoa sen cámara, e que no seu conjunto é ben parello ôs mobiliarios das sepulturas de Montilla (4) e da Quinta da Agua Branca (5). A necrópoli de cistas de Mourente non rendeu, que nós sepamos, outro material qu' un machado de cobre puro (6).

Pol-o que toca âs sepulturas dolménicas, o Sr. Maciñeira (7) atopou n-unha d' elas situada nas Pontes de García Rodríguez, un enfeite de bronce, e D. Santiago de la Iglesia cita (8) o achádego «en la mámoa o dolmen de Lanzós» d' un puñal de bronce e d' unha empuñadura do mesmo metal fornecidas ambas de furas pra pregos moi semellantes, a juzgar pol-a sua descriución, ô puñal da Singleyrac (Dordogne) (9) alcontrado n' unha sepultura do Bronce II.

Mais abundantes qu' os oujetos procedentes de sepulcros é o que teñen proporcionado os achádegos soltos e co coal pódese formar o seguinte inventario, embora non pretendamos dalo coma compreto.

A) Machados pranos:

Un de cobre atopado no castro de San Mamede de Carballal (10).

Outro tamen de cobre qu' apareceu na chaira onde s' asenta o castro de San Pedro de Buriz (Lugo), e que D. Santiago de la Iglesia chama raspador (11).

---

(1) Art. cit., n. 28.
(2) Ibídem, n. 18.
(3) Ibídem, n. 27.
(4) Cabré, *Espoli funerari amb diadema d' or d' una sepultura de la primera Edat del bronce de Montilla (Cordova)*, «Anuari de L' Institut d' Estudis Catalans», 1915-20, *Crónica*, pág. 539.
(5) José Fortes, *A Sepultura da Quinta da Agua Branca*, «Portugalia», vol. II, fas. II, pág. 241.
(6) García de la Riega, *Galicia Antigua*, pág. 463.
(7) *Investigaciones prehistóricas en Galicia*, «La Ilustración Artística», n. 687, Febreiro de 1895, pág. 174.
(8) Art. cit.
(9) Dechelette, *Manuel*, vol. II.
(10) Castillo, *Los Castros Gallegos*, pág. 18.
(11) Op. cit.

Outro de Gontán (Lugo) (1).

Outro de bronce de Parada do Sil (Ourense) co gume desenrolado en amprio semicirco (2).

B) Pontas de saieta ô geito de follas de loureiro:

Unha de bronce atopada ô pé da pedra abaladoira de Samarugo (3).

Outra tamen de bronce da bisbarra de Villalba (4).

Outra qu' está no Museu d' Ourense e que procede da provincia.

C) Puñás:

Un con espigo da ría de Terosa? (5).

Outro de cobre con espigo fornecido de duas furas e con forte crista central, alcontrado en terras de Lugo (6).

Pol-as razós d' orde tipológico que logo imos espoñer, temos qu' engadir a iste material as catro joias qu' apareceron no Monte dos Mouros, perto de Mellide, e das que falaron pirmeiro D. Bernardo Barreiro na *Galicia Diplomática* (7), e despois o Sr. Villaamil no *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* (8), tirándose do que din istes dous arqueólogos, qu' as catro joias foron alcontradas juntas e adequiridas en duas veces pol-o Sr. Blanco Cicerón, de Santiago, o seu autual posedor.

Consta o que queda d' iste tesouro das seguintes pezas:

Diadema ou cicais colar d' ouro formado por unha faixa que s' estreita car' os cabos, de 40 centímetros de longo por 5 d' ancho, con decoraciós a punzón nos cabos e pol-a parte interior, ofrecendo no centro unha serie de rachadelas qu' o parten en 14 tiras paralelas, (figura 2, número 1) repuxadas coa convesidade pra fora.

Diadema ou colar d' ouro, da mesma feitura qu' o anterior, anque mais pequeno, 30 centímetros de longo por menos de 4 e meio d' ancho, fornecido nos cabos de duas furas e presentando no centro soilo 8 tiras. (Figura 2, número 2).

Pulseira d' ouro cilíndrica, pechada e con gallós repuxados e paralelos. (Figura 2, número 3).

Pulseira formada por unha singela faixa d' ouro con furas nos cabos.

---

(1) Villaamil y Castro, art. cit., Est. v, n. 11.

(2) Arturo Vázquez, *Estudios Protohistóricos, La Edad del Bronce en el Museo de Orense*, «Boletín de la Comisión de Monumentos» d' Ourense, vol. II, n. 39, 1904.

(3) Santiago de la Iglesia, art. cit.

(4) Villaamil y Castro, art. cit., Est. v, n. 7.

(5) Fala d' ela Cabré, art. cit. Está no Museu Antropológico de Madrid. Supoñemos qu' o lugar do achádego sería a ría d' Arousa.

(6) Villaamil y Castro, art. cit., Est., VII, n. 2.

(7) Vol. III, n. 33, 1888.

(8) Est. IV.











Figura 2ª

Os dous pirmeiros oujetos, afástanse moito do tipo corrente das diademas peninsuás dos pirmeiros tempos do bronce, que son pol-o gêral, singelas faixas ou tiras de metal lisas ou decoradas (Agua Branca, Cova dos Murciélagos, el Oficio), moi semellantes â qu' alcontrou D. Santiago de la Iglesia e que denantes mencionamos, mais aprousímanse â tamen chamada diadema de San Bento (Braga), atopada con material de cobre e que presenta as mesmas rachadelas no centro, embora os seus remates en semicirco sexan ben difrentes. (Figura 2, número 4). Mais ond' as duas pirmeiras joias do tesouro de Mellid teñen o seu esauto paralelo é nas terras d' Armórica. Ali n-unha galería coberta, datada no Bronce I e situada na Ro' ch-Guyón apareceron dentro d' un pote duas pezas cuia descriución fai Dechelette n' istas verbas (1): «C' est un large ruban, du genre appelé en orfevrerie collier de chien, e dont la partie central est divisé par des incisions horizontales.» (Figura 2, número 5). É tan ausoluta a identidade entr' as joias da Ro' ch-Guyón e as do tesouro de Mellide, tal a sua ausoluta concordancia mesmo nos detalles, estreitamento dos cabos, técnica e colocación dos adornos a punzón, qu' abonda ollar juntas as suas reproduciós pra comprender que non soilo teñen que ser coetáneas, se non tamén fillas d' un mesmo pensamento e d' unha mesma cultura.

As duas pulseiras qu' acompañaban âs diademas do Monte dos Mouros, parecen ser tipos originás da Galicia e que seguiron en uso pol-o menos deic' o Bronce III, época â que sen dúvida perteñecen outras duas pulseiras, unha cilíndrica con gallós e decoración puntillada e a outra aberta con furas nos cabos e adornos de dentes de lobo qu' apareceron perto da Gudiña (2) e cuia data pode determiñala anque non de seito compretamente seguro, un pendeloque, botón ou peza d' aprique co-elas atopado, e que presenta unha serie de buratos formando cruz moi semellantes ôs de certas cabezas d' alfinete do Tarn (3).

A suma dos feitos que levamos comentado amostra qu' a Galicia tivo na pirmeira idade dos metás unha cultura rica, con formas d' utillage variadas e ainda dotada da certa persoalidade que lle prestan os enterramentos baixo mámoa, algús tipos de joias e tamén a sobrevivencia das cámaras dolménicas, no caso en qu' aquelas ond' apareceron oujetos de bronce sexan en realidade verdadeiros dólmenes e non cistas de pranta trapezoidal ou coadrangular.

---

(1) Op. e vol. cit., pág, 357.

(2) Está oxe na Coleición Blanco Cicerón e tivemos ocasión d' ollalo fai trés anos, pouco tempo despois do seu achádego.

(3) Dechelette. Op. cit. vol. II, págs. 320 e 126.

Semellante frorecimento cultural debeu ter a sua causa originaria na riqueza mineira do chan galego, e moi especialmente nos seus iacimentos superficiás de cassiterita e n' abundancia d' ouro nos aluviós e nas areas dos seus ríos. Tal riqueza en metás moi raros e buscados, debeu atraguer â nosa terra unha corrente comercial importante que facilitou a introdución de tipos d' armas vidos do sul i-estimulou as esprotaciós mineiras de cuia posterior intensidade testimoian os depósitos do Bronce III a que denantes nos referimos.

É certo que fallan na Galicia vestigios d' istas esprotaciós, mais ista falla esprícana de geito satisfautorio a disposición superficial dos depósitos estamníferos e a recollida d' ouro por singelo lavado das areas na veira dos ríos, sistemas cuia antiguidade fica amostrada por Posidonio (1) e que non podían deixar siñal perdurabre da sua esistenza.

As relaciós da cultura galega co circo armoricano-irlandés.

O mesmo Dechelette, orientalista convencido, qu' Hubert Schmidt, un dos mais autorizados valedores das teorías oucidentalistas, andan d' acordo pr' afirmaren qu' a industria do bronce camiñou na Europa do sul pr' o norte, indo dend' o Mediterráneo pr' ás regiós centrás e oucidentás do noso continente, embora o pirmeiro dos ditos arqueólogos busque o centro d' espallamento d' ista industria no circo egeo-minoico e ademita o segundo a esistenza na Peninsua ibérica d' un foco de difusión indígena, creado e desenrolado con ausoluta independenza de todo infruxo esterior.

Dous foron, ô parecer, os vieiros por onde camiñou o conocimento da metalurgia do bronce. Un oriental, (Egeo-Balkás-val do Danubio, pra Dechelette. España-Italia-pasos dos Alpes, pra Hubert Schmidt) que ten a sua comprobanza arqueológica nos depósitos e sepulturas d' Alemaña do sul e nas necrópolis francesas do Jura, da Savoia e das Cevennes, e outro oucidental e costeiro que remataba nas illas Británicas.

Deixando de mau o pirmeiro, que non ten pra nós un interés decisivo, imos fixarnos no segundo que nos ofrece en troques moitos enseños proveitosos. Â corrente cultural que por il rubía, atribuiense os oujetos de cobre e bronce, i especialmente as alabardas, alcontradas na Irlanda e na Ingraterra, mais onde deixou vestigios de môr importancia e de carauter mais instrutivo pra nós, foi no W. da Francia. Alí dend' a Dordogne deic' Armónica aparecen dez dos doce depósitos do Bronce I inventaria-

(1) *In Strabón*, III, II, 1.

dos por Dechelette (1) e nas mesmas terras alcóntranse dous grupos de sepulturas dos catro qu' aquil arqueólogo forma con todal-as do seu país.

Unha cousa chama dende logo a atención ô dejergar no mapa a destribución d' istas sepulturas e depósitos, i-é o seu illamento con relación âs bisbarras raianas e moi especialmente coas meridionás da Gascuña e do Bearn. En efeuto, se a propagación dos tipos d' utillage metálico houbérase verificado por grados rent' a costa, ou houbera seguido por terra rubindo pol-os pasos dos Pirineos vasco-navarros, parece natural qu' a serie dos achádegos estivera repartida uniformemente e incruso fora debecendo conforme s' adianta car' o norte. Mais nada d' isto ocurre; pol-o contrario, dend' a Galicia deic' as regiós francesas denantes citadas esténdese unha considerabre porción da veira-mar ond' os achádegos andan moi esparexidos ou fallan en ausoluto.

A dedución que d' iste feito se tira é crara. Da Galicia e probabremente da sua parte N., coma ja sinalcu Maciñeira (2), debeu partir o vieiro marítimo qu' avencellou o noso país co' Armórica e a Irlanda. É certo qu' as coincidencias que s' ouservan entr' o material recollido n-un e nos outros países (alabardas irlandesas, puñás e alabardas de Keihué-Bras, de Cabut, de Saint Fiacre, etc.) non teñen un ausoluto valor probatorio debido â uniformidade de gran parte do utillage dos pirmeiros tempos dos metás, mais non pode negarse qu' a identidade entr' as joias de Mellide e as da Ro' ch-Guyón, de que deixamos falado arriostra considerabremente a nosa hipótesis.

Trátase en efeuto de tipos que non teñen outro paralelo na Peninsua qu' a diadema de San Bento, atopada na Galicia portuguesa, e cuia aparición escrusivamente en terras da Bretaña, non pode de ningún geito ser atribuída a unha singela casualidade. Pol-o demais é ben sabido qu' Armórica, a Irlanda e o W. da Ingraterra estiveron estreitamente unidos nos tempos históricos e nos prehistóricos e moi especialmente na época do Bronce, e qu' é na Irlanda ond' o Libro das Invasiós trata da emigración d' héroes e de pobos galegos a Erin e cóntase a lenda da pedra d' Scone. Por outra parte, as semellanzas ent' as nosas gravuras rupestres e as de tod' o NW. da Europa, son indudabres e foron ja notadas pol-o Sr. Fernández Gil (3) e ainda o nome do pobo Oestrymnio alcóntrase n-Armó-

(1) Op. e vol. cit. pág. 170.

(2) Federico Maciñeira, *Relaciones marítimas entre el Norte de Galicia y las Islas Británicas en tiempos prehistóricos*, Boletín de la Academia Gallega, 1924, ns. 161 e 162.

(3) *Apuntes Arqueológicos*, «Boletín de la Academia de la Historia», vol. LXVIII, 1916, pág. 29.

rica e na Galicia (1), sendo forzoso o confesar que tan longa serie de feitos concordantes teñen que ter o seu fundamento n-unha realidade histórica.

Craro está que co dito non facemos mais qu' engadir algún dato novo pr' a resolución de probrema tan intresante, pranteado ja por ilustres sabios da nosa terra, e qu' estamos ainda ben longe de poder dejergar esautamente cal foi a orige, a data inicial, a ruta e mesmo o alcance en tempo, espacio e intensidade d' ista corrente comercial ou emigratoria qu' avencellou a Galicia co' aquiles países, qu' afasta de nós un mar treboento e perigoso, e así somentes cinguíndonos â época a que perteñece o material arqueológico atrás comentado, poderemos indicar algunha data aprousimada.

Cronología.

Foi o profesor Hubert Schmidt, quen valéndose d' unha serie de sincronismos ligou a cultura do Argar cos circos do Mediterráneo oriental, fixando de geito seguro a data da pirmeira Idade dos Metás na Peninsua, que resulta contemporánea do Minoico Antiguo III da Creta, da seguuda cibdade de Troia e da VI dinastía egiucia que nos dá a data ausoluta do 2500 ô 2360 (2), anqu' é moi posibre que parte do material galego de que denantes nos ocupamos (achádegos nas mámoas das Pontes de García Rodríguez) sex' algo anterior s' é qu' en realidade apareceu con cerámica da especie do vaso campaniforme.

De todos geitos, a totalidade d' iste material relaciónase tipologicamente co do Argar e non pode estar afastado d' aquela cultura por un grande espacio de tempo, non habendo pol-o tanto incomenente en postular qu' ô redor da metade do III milenario esistiu na Galicia unha civilización que, seguindo vieiros marítimos, chegou â Bretaña e â Irlanda e qu' era aprousimadamente sincrónica cos pirmeiros bronces d' Almería, co final da cultura eneolítica da Creta e das Cícladas, coas dinastías V e VI menfitas e cos pirmeiros movimentos dos pobos do N. da Mesopotamia (3).

FLORENTINO L. CUEVILLAS.

Ourense, 2 Abril, 1925.

---

(1) Vex. Avieno, *Ora Maritima*, en Schulten-Bosch, *Fontes H. A.*, e tamén Bosch *Ensayo*, pág. 79, e Schulten *Tartessos*, Madrid, 1924 Os oestymnios aparecen ainda citados na Geografía d' Strabón com' a un pobo d' Armórica.

(2) Hubert Schmidt, *Estudios acerca de los principios de la Edad de los Metales en España*, Memoria n. 8 de la C. de Investigaciones P. e P., Madrid, 1915, pág. 31.

(3) Seguimos a cronología egiucia d' Eduardo Meyer, mais compre ter en conta qu' é sella cronología de Nabonid qu' arreda as datas un milenario e ainda admitidos por lustres orientalistas com' a J. de Morgan.

LA GUERRA DE SUCESIÓN EN GALICIA

(Continuación)

Pero ocurre una dificultad que hay que desvanecer. El Licenciado D. Fernando Ventura de la Mata y Linares, del Consejo de S. M., su oidor y Alcalde Mayor en la Real Audiencia de este reino, juez particular de los negocios, bienes, caudales, dinero y alhajas que habían venido en la flota de América, fué encargado de hacer las averiguaciones en la villa de Redondela, a fin de hallar las personas que habían ocultado *haciendas* y *caudales*, al tiempo que fueron quemados algunos navíos, después de entrar en la ría la escuadra enemiga. Reunido el Ayuntamiento de Santiago el 30 de Noviembre acordó mandar a la expresada villa al oficial público para que le ayudara a recuperar la gran cantidad de dinero, plata labrada y otras haciendas, y averiguar las personas culpables, *aunque sea necesario llegar muchas personas reas que se hallan presas y las que se puedan justificar a lo adelante a cuestión de tormento y otras cosas convenientes al fin que se persigue* (1). Parece a primera vista que había quedado en Vigo parte del tesoro, y sin embargo afirmamos rotundamente lo contrario.

Es indudable que en momentos de apuro, precipitación y confusión, como aquellos, cuando conducían el tesoro de la flota a los carros algo se habrá ocultado. Por otra parte es creíble que dentro de los mismos barcos alguna cosa hubiese quedado, o tal vez tendría la tripulación algo que le pertenecía. En los primeros momentos que siguieron a la destrucción, es lo más natural suponer, que muchos *desaprensivos*, dado lo que es la condición humana, hubiesen recogido en sus casas lo que creían bienes *nullius*, como sucede todavía hoy en nuestras costas, cuando ocurren naufragios. Esta debió de ser la causa del proceso indagatorio para esclarecimiento de aquellos hechos. De esto se deduce, que todos los sondeos que en varias ocasiones se han llevado a cabo para levantar los tesoros de Rande han sido una quimera.

III.—Preparativos bélicos.—Para las defensas de la flota, salvaguardar el tesoro y oponerse a una temida invasión se necesitaban ejércitos y municiones, y el Príncipe de Barbanzón nada de esto ha descuidado. En la primera decena de Octubre tan pronto tuvo noticia

(1) C., fol. 594.

que las flotas inglesa y holandesa se retiraron del Puerto de Santamaría, abandonando las costas andaluzas, ordena al Ayuntamiento de Santiago que junte y organice todas las milicias de la provincia, y de ellas escoja 10.000 hombres de los mejores y más adiestrados en el manejo de las armas, *armados con boca de fuego*, «y con cabos, capitanes y oficiales correspondientes, y las municiones de los depositos marchen a toda dilixencia a la villa de Vigo, y que todas las demas milicias de la provincia se pongan sobre las armas en los puertos maritimos y sus cercanias para contener cualquier invasion».

El Ayuntamiento inmediatamente comunicó a los cabatos la orden recibida, haciendo el siguiente reparto entre los mismos: El cabato de Santiago, 3.938 milicianos con armas y municiones; el de Arzúa y Mesía, 1.400; el cabato y partido de Mellid, que corresponde a esta provincia, 600; el cabato de Vimianzo, 600; el de Padrón, 1.500; el de Noya y Muros, 500; el de Arosa, 500; el de Pontevedra, 502; el de Villar de Ferreiros, 40; el coto de Oines, 40; el de Oca y Loimil, 30; el de Santa Cruz de Rivadulla, 16; el de Guimaráns, 16; el de Viso y sus agregados, 30; el de Gimonde y la Vega, 12; el de Torre y Blanca, 24; el de Bendaña, 12; el de coto de Fisteus y Mezonzo, 40; y el de Bon y Villar, 200 (2).

Al mismo tiempo avisaba que fuesen a esperar la Caballería que venía de Lugo, al límite de la provincia, para que inmediatamente la condujeran a Vigo. El regidor D. Gonzalo de Nogueira ha cumplido con toda diligencia el encargo que había recibido del Ayuntamiento en la sesión del 20 de septiembre. El 9 de Octubre comunicaba el juez de Mellid a la villa de Arzúa que salían los 138 caballos, de que aquella pequeña tropa se componía.

En la expresada orden no se olvida de los nobles, que tan difíciles eran de organizar, para que, pena de la vida, marchen al sitio destinado con armas y caballos.

No es de extrañar la prisa y diligencia del Gobernador general, pues a parte de que en tiempo de guerra toda diligencia es poca, el día 13 de octubre, a los pocos días de salir de Andalucía, ya se encontraban las escuadras enemigas en las costas y lagos de Portugal (1), y dos días después recibía el Ayuntamiento la noticia de estar a la vista de Vigo.

Muy mal andaba la organización militar en estos tiempos, tal vez

(1) C., fol. 433.

se pueda dar una explicación, que no sabemos si será satisfactoria para todos, como tampoco lo es para nosotros, el haber estado tan distante de Galicia, hasta ahora, el teatro de la guerra.

Sea de esto lo que quiera, es la verdad que los milicianos de Santiago, no obstante las reiteradas órdenes dadas, de que se reuniesen todos los capaces de coger las armas, cada uno con las que tuviese, para marchar inmediatamente a Vigo, no acababan de hacerlo, los de la jurisdicción de Altamira se encontraban sin Capitán y Alférez, presos en el Castillo de San Antón de la Coruña; el jefe de los milicianos de Noya dice que no son suficientes todavía los que tiene para defender los puertos de su jurisdicción marítima, Padrón, Rianjo, Puebla, Son, Noya y sobre todo Muros, tan importante, dice, por su bahía en donde caben 800 navíos como la Capitana, y todos sin defensa de ninguna clase; los de otros partidos otras dificultades tenían. Esto sucedía en plena guerra de sucesión, y dos meses después de esperar o por lo menos de temer lo que ha sucedido y aún de una invasión en nuestro territorio.

